

Xoves, 15 de febreiro de 2024

Núm. 33

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE
ÁREA DE RELACIÓNS LABORAIS DE PONTEVEDRA

Convenios colectivos

*TEXTO DO ACORDO SOBRE ACTUALIZACIÓN E INCREMENTO DAS TÁBOAS SALARIAIS
DOS ANOS 2022 E 2023, PARA O PERSOAL DAS EMPRESAS DO SECTOR DE HOSTELERÍA
DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA*

Convenio o Acordo: HOSTELERÍA

Expediente: 36/01/0009/2024

Data: 02/02/2024

Asunto: RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN E PUBLICACIÓN

Código de Convenio número: 36000765011982

Visto o Acordo da comisión negociadora do convenio colectivo polo que se aproba o texto do acordo sobre actualización e incremento das táboas salariais dos anos 2022 e 2023, para o persoal das empresas do sector de HOSTELERÍA, con domicilio na provincia de Pontevedra, subscrito en representación da parte económica, polas asociacións das empresas do sector mais representativas, Asociación de Empresarios de Hospedaxe da provincia de Pontevedra (ASEHOSPO), e a Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra (FEPROHOS) e da parte social, polas organizacións sindicais UGT, CC.OO e CIG, que foi asinado en data 21 de decembro do 2023.

Primeiro.— Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 11 de xaneiro do 2024.

Segundo.— Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.— Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.— Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:QE8YMY99PPZCA4E8



Xoves, 15 de febreiro de 2024

Núm. 33

Terceiro.— Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

ACORDA:

Primeiro.— Ordenar o seu rexistro e inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.— Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.— Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

O xefe territorial.

*CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE HOSTELERÍA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
(36000765011982)*

21 DE DECEMBRO DE 2023
ACTA ACORDO PRÓRROGA CONVENIO

ASISTENTES

UGT

- JOSÉ ANTONIO BOULLOSA

CCOO

- JORGE CARNEIRO PENEDO

CIG

- MARÍA DO TRÁNSITO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL

- CÉSAR SÁNCHEZ BALLESTEROS
- BEATRIZ CARBALLIDO BARCIELA

En Vigo, nas instalacións da Confederación de Empresarios de Pontevedra, sendo as 12:00 horas do día 21 de decembro de 2023, reúnen os representantes dos traballadores e empresarios do sector de Hostelería da Provincia de Pontevedra, co fin de continuar coas negociacións do Convenio do devandito sector.



Xoves, 15 de febreiro de 2024

Núm. 33

Iniciase a negociación; as partes revisan a proposta de acordo para os anos 2022 e 2023 alcanzado na anterior reunión celebrada el pasado 18 de decembro, e acordan:

- Para os anos 2022 e 2023 acordase un incremento salarial dun 8%, para todos os niveis salariais, que empezará a aboarse a partir do 1 de xaneiro de 2024. A tal efecto se realizarán unhas táboas salariais para os anos 2022 e 2023, aplicando o devandito incremento. Ditas táboa comezarán a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024, sen efectos retroactivos.
- En concepto de atrasos polos anos 2022 e 2023, acórdase o abono dun complemento compensatorio de 1250 euros para todas as persoas traballadoras que estivesen de alta nas empresas do sector neses dous anos. En caso de que durante eses dous anos a persoa traballadora estivese de alta a tempo parcial percibirá a indicada cantidade en proporción a súa xornada. Igualmente, a devandita cantidade aboarase proporcionalmente o tempo que a persoa traballadora estivese de alta na empresa durante os dous anos indicados. Este complemento aboarase obrigatoriamente, nun pago único ou ben de forma prorrateada, antes do 31 de agosto de 2024.
- Por último, acordase que se a suma do IPC dos anos 2022 e 2023 é superior ó 8% de subida acordado para eses anos, a diferenza terase en conta para a negociación do convenio que terá lugar ó longo do ano 2024.

Axúntanse as táboas dos anos 2021, 2022 e 2023 para a súa publicación.

Autorízase á persoa habilitada do Consello Galego de Relacións Laborais, para que faga os trámites necesarios para o rexistro, depósito e publicación do texto do acordo do Convenio Colectivo acordado, diante da plataforma REGCON da Consellería de Promoción do emprego e Igualdade.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión sendo as 13:00 h do día arriba sinalado, de todo o cal as partes dan fe, coa súa firma.

José Antonio Boullosa Gómez UGT,

Jorge Carneiro Penedo CCOO,

María do Tránsito Fernández Fernández CIG,

César Sánchez-Ballesteros Fernández ASEHOSPO,

Beatriz Carballido Barciela FEPROHOS.



Xoves, 15 de febreiro de 2024

Núm. 33

NIVEL	SALARIO PARA TABLA CATEGORIAS 2021	SALARIO PARA TABLA CATEGORIAS 2022
1	1.514,80	1.514,80
2	1.401,86	1.401,86
3	1.330,68	1.330,68
4	1.254,77	1.254,77
5	1.174,09	1.174,09
6	1.136,17	1.136,17
7	1.102,90	1.102,90
8	1.064,95	1.064,95
9	1.008,00	1.008,00
10	886,67	886,67

NIVEL	SALARIO PARA TABLA CATEGORIAS 2022	SALARIO PARA TABLA CATEGORIAS 2023
1	1.514,80	1.635,98
2	1.401,86	1.514,01
3	1.330,68	1.437,13
4	1.254,77	1.355,15
5	1.174,09	1.268,02
6	1.136,17	1.227,06
7	1.102,90	1.191,13
8	1.064,95	1.150,15
9	1.008,00	1.088,64
10	886,67	1.008,00

